



# UNHA NOVA INSCRICIÓN VOTIVA DO CONVENTO LUCENSE EN VICINTE (Outeiro de Rei, Lugo)

Fernando Acuña Castroviejo (Universidade de Santiago)

## I. Introducción.

Nestas breves notas queremos deixar constancia do recente achado dunha nova ara procedente dun ámbito rural do convento lucense que aporta novos datos sobre unha deidade moi coñecida pero que, neste caso, presenta unha variante singular (Fig. 1).



Fig. 1: Vista frontal (Erik Carlsson-Brandt Fontán, Dpto. de H<sup>º</sup> I, USC)

A peza apareceu na primavera do ano 2012 utilizada como calzo nun valo que pechaba unha leira e descuberta ao realizar traballos de desmorte polo propietario Manuel Miranda Pena quen, a través do seu fillo Bieito Miranda Garrido, estudante da licenciatura de Historia da Arte na USC, entregouna para o seu estudo e a tramitación legal correspondente como achado casual que foi. A ambos temos que agradecer o interese mostrado pola peza e a súa dispoñibilidade para a conservación da mesma e o seu traslado e custodia a unha institución para que poida ser apreciada como un ben patrimonial de toda a comunidade.

O achado foi notificado á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia con data 5 de decembro do 2012 quen, por resolución de 21 de decembro de 2012, acordou que se depositase no Museo Arqueolóxico do Castro de Viladonga, o que foi efectuado en data 14 de xaneiro do 2013, estando dende entón alí exposta.

## II. Síntese arqueolóxica do territorio

As terras que conforman o actual concello de Outeiro de Rei, polo que está publicado, non proporcionan moitos restos referidos á antigüidade, aínda que hai algúns significativos, sendo máis numerosos os que abranguen a Idade Media aos que só nos referiremos brevemente.

Deixando a un lado a toponimia que, por outra parte, revela termos moi interesantes (ARES: 2004), as testemuñas máis antigas fan referencia ao achado no

lugar de Agraceiras de Ramil (S. Martín de Guillar) de catro machados pulidos, un coitelo e un recipiente cerámico atopados nunha mámoa do que xa se da conta no ano 1928, conservados nunha colección particular (CASTILLO: 1928).

Con posterioridade, diversas intervencións en xacementos megalíticos permitiron descubrir cerámicas campaniformes e da época do Bronce na necrópole no Cordal de Acevedo e Couto de Province así como en Matela, na medorra de Roza das Aveas (PRIETO: 2010, 2011; SUÁREZ: 1997).

Pouco antes destes achados, en 1989, fixéranse unhas prospeccións arqueolóxicas na comarca que deron como resultado a catalogación de 184 túmulos megalíticos fundamentalmente nas parroquias de Martul, Parada e Aspai e un dolmen con cuberta entre Gaioso e Vicinte, petróglifos no monte de Peizás con círculos, labirintos e coviñas e ata 15 castros pero, na maioría dos casos, os xacementos non contan cunha descrición pormenorizada (NÚÑEZ/RODRÍGUEZ: 1995).

Da época romana e froito de intervencións de urxencia, recuperáronse no lugar de Peneiro diversos materiais de construción (tégulas, latericio, ímbrices), cerámica común, cravos e dúas tumbas de inhumación con baseamento de tégula datadas entre os séculos IV e VI (PIAY: 2009). Tamén temos constancia da existencia de tégulas e ímbrices, cerámica común e *terra sigillata* hispánica en Acevedo (Aspai, Martul), así como tégulas en Santa María de Cela.

Finalmente, coñecemos achados soltos cerámicos de tempos altomedievais.

No estado actual de coñecemento, ignoramos case todo sobre o poboamento de época romana, non temos constancia de asentamentos e si dalgún enterramento serodio e apenas algún resto da cultura material. Das proximidades pódese mencionar a dedicación a *LVCQVBV* procedente do lugar de Sinoga (Santa Mariña), hoxe no Museo Histórico-Arqueolóxico de San Antón, A Coruña, (ARIAS, LE ROUX, TRANOY: 1979, 68) e, non moi lonxe, a de Virís (Begonte) aos *Lares Viales* (GÓMEZ: 2009, 588)

Outros problemas presenta a rede viaria romana. En principio parece lóxico que ao longo da comunicación *Brigantium - Lvcvs Avgvsti* a vía XIX do Itinerario de Antonino pasase seguindo parcialmente o trazado da

actual N-VI, pero os autores que analizaron nos últimos tempos este percorrido non se poñen de acordo no itinerario e tampouco sobre as vías XIX e XX (GÓMEZ: 2009; RODRÍGUEZ, FERRER, ÁLVAREZ: 2004; SÁEZ: 2004) polo que só queda aquí constancia como referencia para quen queira afondar no tema.

Algo semellante ocorre coa rede medieval, posto que Ferreira, que realizou un case exhaustivo estudo das comunicacións en toda Galicia, para esta parte non parecen estar as cousas moi claras (FERREIRA: 1988, 241-242).

De todas formas no que respecta á Idade Media si que temos constancia da importancia deste territorio.

Como observación final neste apartado hai que salientar que nos movemos dentro dun espazo administrativo actual que en nada se corresponde coa realidade nos tempos antigos, polo que os datos que aquí figuran deben tomarse unicamente como unha referencia.

### III. A ARA

Apareceu nas circunstancias descritas mais arriba, no valo dunha leira no lugar de Santa María de Vicinte pertencente ao concello de Outeiro de Rei (Lugo).

Trátase dunha peza prismática, de moi boa factura, de granito algo irregular, sobre todo na base, de 27 x 18,5 x 9 cm. de dimensións máximas, coa parte posterior non traballada pero alisada, e que conta con dous roleos ou *pulvini* laterais moi realzados. Presenta un *focus* profundo e ben elaborado (Fig. 2).



Fig. 2: Vista superior (Erik Carlsson-Brandt Fontán, Dpto de Hª I, USC)

O campo epigráfico ocupa 20 cm., e a inscrición repartida en tres liñas, que non presenta ningunha dificultade de lectura, di:

DEA / NA / VE

A altura das letras, ben gravadas, é como segue:

D: 4,2; E: 4,8; A: 5,2; N: 4; A: 6; V: 4 e E: 5 cms.

Non hai dedicante e o epígrafe está completo. O segundo A presenta o trazo central incompleto. No E final pódese observar un trazo inferior, que non afecta á lectura (Fig. 3)




Fig. 3: Deseño (Marta Cancio Martínez Museo do Castro de Viladonga)

#### IV. COMENTARIO

Estamos diante dunha ofrenda a una deusa *NAVE* que, polo que sabemos, é a primeira vez que aparece no panteón. Son ben coñecidos os teónimos *NAVIA* ou ben *NABIA*, segundo aparezan preferentemente no convento lucense ou no bracarense como hai xa anos comentara Melena cunhas importantes consideracións feitas a propósito dunha ara procedente de Cáceres (MELENA: 1984), aínda que estudos posteriores, coincidindo no feito de que esta divindade é propia dos territorios situados ao Norte do río Douro, discuten tanto esta distribución como o significado da divindade en canto relacionada coas augas ou os vales (OLIVARES: 2002, 233-244); tamén Prósper fala dos distintos topónimos *Nave* (PRÓSPER: 1997), algo no que non imos entrar para non exceder os límites desta contribución.

O relevante é a forma na que aparece aquí, xa que coñecemos variantes como *NAVIE*, *NAVIAE* ou ben *NAVIA* o mesmo que *DEA*, pero en ningún caso como neste figura *DEA NAVE*. Por certo que preto de Outeiro de Rei, no concello de Guntín, apareceu a variante *NAVIE*, que xeograficamente sería a máis próxima (ARIAS, LE ROUX, TRANOY: 1979, 71).

Por outra banda a ausencia de contexto non nos permite aventurar ningunha hipótese agás a de que, se cadra, podería formar parte dun larario dun dedicante do que descoñecemos o nome.

Isto último non resulta estraño na *Gallaecia* xa que o mesmo sucede con outras divindades como son os *Lares Viales* ou as máis dun centenar dedicadas a *Berobreo* recuperadas nos últimos tempos no santuario galaico-romano do Facho de Donón (Cangas do Morrazo), das que coido que só unha ten dedicante (SCHATTNER, SUÁREZ, KOCH: 2004).

## BIBLIOGRAFÍA

- ARES VÁZQUEZ, N., 2004: "Toponimia do concello de Outeiro de Rei", *Lucensia*, 29, 263-282.
- ARIAS VILAS, F. / LE ROUX P. / TRANOY, A., 1979: *Inscriptions romaines de la province de Lugo*, Publications du Centre Pierre Paris (E.R.A. 522), París.
- CASTILLO LÓPEZ, A. del, 1928: "Hallazgo de hachas de piedra pulimentadas", *Boletín de la Real Academia Gallega*, T. 18, nº 205, 30-32.
- FERREIRA PRIEGUE, E., 1988: *Los caminos medievales en Galicia*, (Anexos do Boletín Auriense 9), Ourense.
- GÓMEZ VILA, J., 2009: "Epigrafía y territorio de la provincia de Lugo en época romana", *Estudios Mindonienses*, 25, 319-625.
- MELENA, J. L., 1984: "Un ara votiva romana en El Gaitán, Cáceres", *Veleia*, 1, 233-259.
- NÚÑEZ JATO, J. F. / RODRÍGUEZ VARELA, L., 1995: "Arqueoloxía en Outeiro de Rei: mámoas e outros restos", *Croa*, 5, 18-22.
- OLIVARES PEDREÑO, J. C., 2002: *Los dioses de la Hispania céltica*, Bibliotheca Archaeologica Hispanica, Real Academia de la Historia, Madrid.
- PIAY AUGUSTO, D., 2009: "Intervención no ámbito do xacemento de Pereiro, vinculado ao proxecto de acondicionamento da estrada LU-115, Outeiro de Rei (Lugo)", *Actuacións arqueolóxicas. Ano 2007*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 220-221.
- PRIETO MARTÍNEZ, P., 2011: "La cerámica campaniforme de la Medorra 2 de Roza das Aveas (Outeiro de Rei, Lugo)", *Las comunidades campaniformes en Galicia: Cambios sociales en el III y II milenios BC en el NW de la Península Ibérica*. M. P. Prieto Martínez / L. Salanova (coords.), Pontevedra, Diputación de Pontevedra, 101-104.
- PRIETO MARTÍNEZ, P. et alii, 2010: "La cerámica de dos túmulos de Roza das Aveas (Outeiro de Rei, Lugo): un estudio diacrónico del estilo y la composición", *Boletín del Seminario de Arte y Arqueología de Valladolid*, nº.76, 27-52.
- PRÓSPER, B., 1997: "El nombre de la diosa Nabia y el problema del betacismo en las lenguas indígenas del occidente peninsular", *Ilus. Revista de Ciencias de las religiones*, nº 2, 141-149.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A. / FERRER SIERRA, S. / ÁLVAREZ ASOREY, R. D., 2004: *Miliarios e outras inscricións viarias romanas do Noroeste hispánico*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.
- SAÉZ TABOADA, B., 2004: *As vías romanas na provincia de Lugo*, Lea, Santiago de Compostela.
- SCHATTNER, Th. G. / SUÁREZ OTERO, J. / KOCH, M., 2004: "Monte do Facho, Donón (O Hío / Prov. de Pontevedra) 2004. Informe sobre las excavaciones en el santuario de Berobreo", *Archivo Español de Arqueología*, 77, 23-71.
- SUÁREZ OTERO, J., 1997: "O vaso de Martul (Outeiro de Rei, Lugo) e o problema dos vasos de borde revirado no noroeste hispano", *Croa*, 7, 22-29.